



# INTERCAMBIOS ESCOLARES PICASSO MOB

## **PROGRAMA PICASSOMOB INTERCAMBIO INDIVIDUAL DE CATRO SEMANAS EN FRANCIA PARA ALUMNOS DE 1º DE BACHARELATO.**

### **Características do programa PicassoMob**

PicassoMob é un programa de intercambio recíproco entre alumnado galego e francés promovido pola Consellería de Educación e financiado pola Unión Europea a través do programa Erasmus+. O obxectivo do programa é mellorar as competencias en linguas estranxeiras, a inmersión noutro sistema educativo e noutra cultura, ofrecer unha experiencia de aprendizaxe máis autónoma e responsable, e en definitiva, contribuir á mellora educativa do centro a través da apertura a Europa.

Os alumnos seleccionados viaxarán a Francia durante catro semanas, serán acollidos na familia do seu correspondente francés, e asistirán a clases nun centro educativo da rexión de Borgoña/Franco Condado. En contrapartida, os alumnos correspondentes franceses viaxarán ao seu tempo a Galicia, sendo acollidos na familia do alumnado galego, e asistirán as clases do IES de Rodeira durante catro semanas.

### **Quén pode acceder ao programa?**

O Programa PicassoMob está dirixido a alumnado de 1º de bacharelato/Première que curse francés como lingua estranxeira e que teña estudado francés durante a ESO ou teña un nivel B1 desta lingua.

Requisitos:

- Estar matriculado en 1º de Bacharelato no ano académico 2023/2024 e cursar Francés Primeira ou Segunda Lingua Estranxeira.
- Ter superadas todas as materias de 4º ESO e cunha nota media mínima de 7 no expediente da ESO.
- Ter unha nota mínima de 7 na materia de Francés en 4º de ESO e ter cursado Francés lingua estranxeira alomenos durante catro cursos ao longo da súa escolaridade e/ou estar en posesión dunha certificación B1 en lingua francesa.
- Documentación en vigor (DNI, NIE oi pasaporte), tarxeta sanitaria europea (TSE) ou un seguro de saúde con cobertura en Francia.
- Autorización familiar e declaración asinada de permiso de viaxe fóra do territorio nacional.
- Contar cos informes favorables do titor, profesor de lingua estranxeira e dirección.
- Aceptar expresamente os acordos, compromisos e condicións de participación segundo as bases desta convocatoria.

Solicita información aos teus profesores para facilitarche os formularios!

### **Procedemento de selección.**

As solicitudes recibidas serán avaliadas por unha **comisión de selección** composta de cinco membros:

- O director, ou un membro do equipo directivo en quen delegue, que exercerá a presidencia.

- O coordinador Erasmus, que realizará as funcións de secretario.
- A Xefa do Departamento de Francés, ou membro do Departamento en quen delegue.
- O Presidente da xunta de alumnos delegados, ou membro da xunta en quen delegue.
- Unha persoa representante das familias, de entre os membros do Consello Escolar.

No caso de que algún dos membros da comisión de selección pertenza á mesma familia que algunha das persoas solicitantes, deberá delegar o seu posto.

### **Criterios de selección.**

A comisión realizará unha selección do alumnado solicitante e clasificarao en base ao baremo establecido na *Resolución do 17 de xullo de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa de convocatoria para participar no programa Picasso Mob*, tendo en conta estes criterios:

1. Nota media do expediente da ESO
2. Nota media da materia de francés na ESO
3. Participación en Seccións bilingües durante a escolaridade.
4. Participación no programa CUALE
5. Participación e implicación voluntaria en actividades desenvolvidas no centro (actividades de dinamización, representación do alumnado, mediadores, clubs, etc.)
6. Solvencia académica.
7. Pertenza a familia numerosa ou familia monoparental.
8. Discapacidade do alumno ou de membros da súa familia.
9. Víctimas de violencia.

En caso de producirse un empate, a comisión decidirá atendendo aos criterios de participación, solvencia académica, expediente académico e calificación en francés.

As candidaturas admitidas que non obteñan praza serán consideradas suplentes, no caso de que os candidatos seleccionados desistan.

A decisión da comisión de selección será publicada nas canles de comunicación que o centro ten a disposición (taboleiro de anuncios e páxina web).

### **Documentación que o alumnado debe presentar**

Solicitud de participación (Anexo II da convocatoria)

Baremo (Anexo III da convocatoria), xunto con toda a documentación acreditativa que non conste na secretaría do centro.

Declaración de sátos de saúde (Anexo IV da convocatoria)

Aceptación expresa das condicións de participación (Anexo V da convocatoria)

Podes atopar os formularios na web:

[https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/resolucion\\_anexos\\_picassomob\\_23\\_24.pdf](https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/resolucion_anexos_picassomob_23_24.pdf)  
ou pídeos no centro.

Toda a documentación debe ser presentada no centro antes do **15 de setembro**.



# Cofinanciado pola Unión Europea